

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de marzo de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta


- 1.1 26298 (10/POC-004289)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as razóns do Goberno galego para modificar, a través da Lei 4/2016, os límites establecidos para os contratos menores e para non publicar a información referida a ese tipo de contratos no Portal de transparencia e Goberno aberto, a súa incidencia no cumprimento do obxectivo de acadar unha maior transparencia na contratación pública, así como a contratación adjudicada a través desa figura no ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 17376 (10/PNC-001444)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución das modificacións legislativas oportunas para a regulación dunha moratoria para as persoas que non poden afrontar o pagamento da súa hipoteca e a dación en pagamento da súa vivenda, así como a realización dunha avaliación do impacto en Galicia da aplicación do Código de boas prácticas bancarias co fin de elevar o grao de protección das persoas usuarias afectadas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 2.2 24927 (10/PNC-001950)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo da Xunta de Galicia destinadas ao mantemento da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 255, do 07.02.2018

- 2.3 25691 (10/PNC-001981)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa xestión do superávit orzamentario por parte das entidades locais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018
- 2.4 26063 (10/PNC-002004)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reforma do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, a implantación da rendición telemática da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa elaboración, así como a aprobación dun novo plan de contabilidade pública
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018
- 2.5 27146 (10/PNC-002096)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o impacto do actual modelo de revalorización anual das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018
- 2.6 27179 (10/PNC-002102)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co emprego polas entidades financeiras da ferramenta denominada titulización de hipotecas, prevista na Lei 19/1992, do 7 de xullo, así como a súa incidencia para as persoas afectadas por procedementos de execución hipotecaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Abel Fermín Losada Álvarez
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/03/2018 13:31:32